

ACIVRO

O nome científico do acivro é :

Ilex aquifolium

O nome em castelán é
acebo



Descrición da especie

Follas

As follas desta especie son persistentes, simples, pecioladas, con forma ovalada e, como cualidade máis característica, cun borde fortemente espiñoso.

Flores

As súas flores son brancas e pequenas. É unha planta moi empregada en época de Nadal, xa que simboliza a continuidade da vida e tamén é moi popular para facer adornos.



Ten pes masculinos e femininos separados.

Froito

Os froitos son drupas redondeadas, do tamaño dun chícharo (entre 7 e 10 mm), inicialmente verdes que mudan nunha intensa cor vermella brillante. Os froitos maduran en outubro e permanecen na árbore durante boa parte do inverno. Son só comestibles para algúns animais e para os humanos son venenosos.

Porte

O seu porte é piramidal, con copa densa e ramosa desde a base. Ten a cortiza lisa durante toda a súa vida. Ao principio é dunha cor verdosa.



Hábitat

Vive en bosques de faias, carballos e piñeiros. ... Por esta razón, é frecuente atopar acivros en bosques, matogueiras sombrías e zonas montañosas e boscosas de ata 1.500 metros de altura. O acivro é un arbusto ou árbore de crecemento lento que se adapta mellor aos climas fríos.



Distribución polo mundo



O acivro ten unha ampla distribución en Europa (principalmente na rexión eurosiberiana ou medioeuropea), aínda que ao sur, arredor da rexión mediterránea, mantén algunhas poboacións, especialmente en zonas con alta humidade, como nas ladeiras das montañas.

Curiosidades sobre a especie:

Os froitos desta especie son tóxicos, polo tanto non poden ser inxeridos por humanos, pero algúns animais poden consumilo.

O feito de madurar os seus froitos en inverno dálle a esta planta un valor ecolóxico moi importante por ser unha fonte singular de alimento para moitas especies, en particular de paxaros, durante a estación máis dura pola escaseza de recursos.

A pita do monte, unha ave tamén protexida en España, aliméntase en pleno inverno das drupas e, a falta destas, das follas do acivro.





Breixo Agra Sambade
Ainé De Souza Gallardo.